

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O deputado **Antón Sánchez García**, membro do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión**, relativa ás carencias da empresa concesionaria dos avións contra incendios.

Segundo o sindicato CIG, nas bases aéreas de Beariz (Ourense) e Doade, Sober e Rozas (Lugo) dos avións de carga en terra que loitan contra o lume forestal a empresa concesionaria do servizo de carga en terra non dispón de medios propios para a protección contra lumes nas propias bases aéreas. Ante a falta de medios na empresa concesionaria é a propia Consellería de Medio Rural e do Mar a que asume esas medidas de protección, poñendo, para iso, persoal, sen a debida formación, do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, así como vehículos motobomba; medios que son desviados do operativo contra incendios.

Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión:

- É coñecedora a Consellería de Medio Rural e do Mar destes feitos?
- Por que non se lle demanda á empresa concesionaria que poña medios e persoal formado na prevención de lumes das instalacións propias?
- Por que asume a Consellería unha tarefa que non lle corresponde, botando man, ademais, de persoal sen a debida formación para esa tarefa e detraendo medios da prevención de lumes forestais?

En Compostela, a 24 de agosto do 2015.

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:



Anton Sánchez García na data 24/08/2015 13:44:29